

# OS HOMES DO SACO TAMÉN SON BOS

Juana Fernández Suárez



Era unha mañá espléndida e solleira. Esta vez a néboa non ocultaba o val no Cebreiro. Comezábamos o Camiño. Os meus pais non estaban moi seguros se seríamos capaces de facelo. "Ainda son unhas nenas, que resistencia poden ter?", preguntábanse. Pero ese día, ao ver que nos erguíamos aínda máis cedo ca eles, coido que se lles foron esas dúbidas da cabeza.

O Cebreiro fervía de xente, peregrinos por todas partes dispostos a empezar a súa xornada de camiñada, preparando as súas botas, os bastóns, as mochilas... e metendo un petisco e unha botella de auga nalgún peto para repoñer as forzas cando fraqueasen.

Nós deixáramos todo listo do día anterior polo que despois de almorzar na casa rural iniciamos ruta.

Na miña casa xa saben como son, calma, debe ser por iso polo que me chamaron Paz. Penso que sempre hai tempo para todo. Gústame disfrutar cada momento e aquela paisaxe da serra de O Courel, aquelas infinitas lomboas cheas de fiteas, carballos, castaños e pastos, eran para gardar neses recordos da nosa nenez que nunca se esquecen.

Os meus pais e Xaínza, a miña irmá, protestaban cada vez que eu quedaba atrás pois non quería perderme nada do que estaba vivindo. Pero despois dunhas horas, cansáronse e deixáronme ao meu aire.

Despois de pasar Padornelo, ao subir a costa cara o alto do Poio, eles xa colleran ritmo e non os vía. Pero eu non ía soa, acompañárame todo o tempo un paporroibo que se pousaba de cando en vez nas pólas das árbores e volvía voar ao meu carón. Estaba contenta, pensaba que me ía acompañar todo o camiño. Polo menos, el non se queixaba da miña paciencia.

De súpeto, o paxariño desviouse do camiño. Ía e volvía, piábame preto da miña orella e marchaba. Repetiu isto varias veces. Era como se me quixera dicir algo. Decateime e seguino. Fun dar a unha fraga tan densa que case non penetraba a luz. Os carballos e as súas pólas retorcíanse dun xeito que daba medo, como brazos e mans de vampiros e monstros esperando a atrapar alguén.

Sen que puidera reaccionar, na fraga fíxose de noite e o paporroibo converteuse nun home. Si, nun home vello e peludo, con moitas engurras e un saco no lombo. Case morro do susto.


-O home do saco!- berrei.

-Pero como fas para te converter en paxaro?- preguntéille.

-A nosa familia, os do Saco, é moi peculiar. Cada un de nós ten algo especial e non sempre é algo malo. Por exemplo, é certo que nas noites de lúa chea, a Manuel sáenlle do corpo pelos e lámbese coma un can sen que poida durmir se non da tres voltas sobre si mesmo. En cambio, eu podo transformarme nun animal calquera. Os meus preferidos son os paxariños.

-E para que me fixeches vir ata aquí?- eu non entendía por que Xaquín quería revelarme o seu segredo.

Sentámonos nunhas pedras a carón dun carballo centenario. Contoume que necesitaba axuda para que Manuel deixase os seus malos costumes e poder limpar así o nome da súa familia.





- Cada vez que dis que son dos do Saco, a xente lixca. - queixouse. - Eu non quero sentirme so, quero ter amigos, compartir os meus pensamentos e quen sabe, ter unha familia, por que non. Pero a realidade é moi cruel. Por iso, necesito facer ver aos meus veciños que son inofensivo e que Manoel non é un home-lobo, só ten unha enfermidade que ten remedio.

- E como pensas que podo axudar eu? - non vía a onde quería chegar.

- Levo moito tempo investigando e hai tempo lin un artigo que dicía como curar a doenza de Manoel. Púxenme en contacto co seu autor, o doutor Andrade, e expliqueille o caso. Preguntoume se Manoel tiña un lunar moi grande nalgunha parte do corpo. Lembrei que, de nenos, cando iamós ao río a bañarnos, tiña un enorme no nocello dereito. Entón, díxome que so había unha maneira de superala, que unha nena doce e calma o acariciara tres veces nunha noite de lúa chea.

Cando te vin camiñando coa túa familia, souben que tiñas que ser ti. Verás, quero que sirvas de cebo. Se Manoel pensa que colleu unha nova vítima e ti lle acaricias o lunar, pode sandar.

- Eul - Eu non me achego nin morta! - exclamei. E se me mete no saco e me saca as tripas! Meu Deus!

- Non te tes que preocupar. Eu podo converterme no animal que queira para te defender, chegado o caso. - tratou de tranquilizala Xaquín.

De súpeto recordei aos meus pais e a miña irmá, estaríanse preocupando, pero Xaquín tiña todo pensado e xa falara cunha tia súa, a Saca, que relativizaba o tempo para que eles non reparasen canto me ausentara.

Dábame pena que Xaquín estivera condenado á soidade toda a súa vida, parecíame inxusto. El semellaba unha boa persoa e decidín confiar nel e axudalo.


- Está ben. Dime, que temos que facer?

- Esta noite hai lúa chea. Quedarei con Manoel, invitareino a cear. Ti estarás con nós, serás a miña nova serventa. E así foi. Manoel acudiu á cita, non perdoaba ningún xantar. Despois de falar un pouco, Xaquín mandoume servir a cea. Ao verme, Manoel palideceu aínda máis do que era. A súa mirada tornouse febril, secáronse os ollos e a súa sedenta lingua. Cuspía unha pastosa saliva. Decatárase da súa nova presa. Xaquín tamén percibira a súa reacción e mantívose alerta.

Tras as sobremesas, tal e como acordáramos, fixen que me caía o café ao servilo e salpiquei a Manoel. Cando remangou o seu pantalón para limpalo, Xaquín decatouse que as súas pernas tiñan moitas feridas, seguramente debido ás caídas e pelexas coas súas vítimas, e mandoume traer a botica de primeiros auxilios e facerlle as curas.

Cando me acheguei, vin perfectamente no seu nocello dereito o avultado lunar. O plan parecía sinxelo, só tiña que acaricialo tres veces. Nestas, Manoel empurrou a Xaquín, golpeándoo tan fortemente contra a parede que quedou inconsciente. Colleume no brazo para meterme no saco, que nunca deixaba lonxe, e fuxir.

Eu espernexaba para que me soltase, loitei con todas as forzas e desesperada, mordínlle o brazo co que me suxeitaba e craveille os dentes.



Manoel, coa dor, baixou a garda e nese intre, Xaquín espertou e converteuse nun fero oso. Coa súas garras foi acurralándoo. Manoel a verse derrotado, rendeuse. Xaquín, xa home de novo, díxolle que o perdoaba e como mostra, mandoume que lle limpara as feridas.



Pechei os ollos e acariciei aquela mancha de nacemento con temor e algo de noxo, confeso. Unha, dúas e ata tres veces, contei. Tiña que facelo por Xaquín, el merecía outra vida, el non fixera nada malo. Manoel caeu desmaiado e pouco a pouco o lunar foi debilitando a súa cor ata confundirse coa pel. Desapareceu. Pouco despois espertou. Sentiase un home novo.

Xaquín e mais eu tiñamos esperanzas en que o conseguíramos. Entón, Xaquín díxome que debía marchar. Os meus pais empezarian a preocuparse se non aparecía. Habería que esperar ata a próxima lúa chea para ver se o plan tivera éxito. A miña familia e mais eu fomos queimando etapas e chegamos a Santiago de Compostela. Rematamos o Camiño, a viaxe tocaba ao seu fin. Eu non quería que acabase pero conformeime pensando que co paso dos días xa quedaba menos para o seguinte plenilunio. E chegou esa noite, abrí a ventá do meu cuarto. A lúa chea resplandecía orgullosa amosando o seu tamaño. Sabía que Xaquín me mandaría algunha sinal e así foi. No peto da ventá pousouse un paporroibo, goreceuse na miña man e bicoume co seu pico. Souben que todo fora ben.

O próximo verán, o próximo camiño, seguro que volvería ver a Xaquín, pero xa non estaría só. Imaxínoo agardando por min e polos demais peregrinos que chegasen a Triacastela para ofrecerlles xunto coa demais xente do pobo algo de leria e xantar e quizás, tamén estaría Manoel e toda a familia do Saco.

Desde entón, tódalas noites antes de durmir penso en Xaquín e en Manoel, os boz homes do saco. Xa mais nunca lles tería medo. Unha vez mais o camiño das estrelas, o camiño milenario, serviu de unión entre familias e veciños, de fio para coser novas amizades, coma a noza, a de Xaquín e mais eu. De calquera xeito a todos nos quedan novos camiños por descubrir. Bo camiño!

